



Concello de Vigo

MANUEL XOSÉ LORENZO PENELA, SECRETARIO XERAL ADXUNTO DO CONCELLO DE VIGO

CERTIFICO: Que o Pleno do Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 28 de abril de 2003, adoptou o seguinte acordo:

18.- APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO CUARTEIRÓN Nº 45 DO PEEC.

Antecedentes:

Con data 13.06.00 a técnica de admón. xeral de Barrios Históricos da Xerencia Municipal de Urbanismo, informa o seguinte:

“Antecedentes: Primeiro.- O Consello da Xerencia municipal de urbanismo, en xuntanza do 11 de xullo de 2002, acordou aprobar inicialmente o expediente de modificación puntual do Plan especial e catálogo complementario de edificios, conxuntos e elementos a conservar de Vigo, no cuarteirón 45, polo que se alteran as características do paso ó aproveitamento público interior e establecen novas aliñacións, conforme á memoria e documentación elaborada polo arquitecto D. Jose Antonio Comesaña García visada polo colexio profesional o 5 de xaneiro de 2001 e 22 de xuño de 2001.

A finalidade da modificación puntual é reaxusta-las determinacións do PEEC como consecuencia dun estudio preciso de ordenación máis detallado, incluída no artigo 50.3 da Lei do solo de Galicia, modificando as características do paso ó aproveitamento público interior e establecendo novas aliñacións interiores. Incrementábase ata cinco metros o largo do paso ó API, cubríndose en gálbo a nivel de planta baixa ata o API, subliñando a arquitecta que non se diminúen os espazos libres, ó se compensar cunha menor ocupación dos sólidos. Asemade mantéñense as alturas establecidas na ficha da couzada, catro plantas por Irmandiños e tres na zona interior do número 10.

Sometido o expediente a información pública na forma prevista no artigo 42 da Lei do solo de Galicia do 24 de marzo de 1997, con notificación individual ós propietarios afectados, non se teñen presentado alegacións segundo certificación do 11 de novembro de 2002 do Sr. secretario da Xerencia.

Segundo.- Asemade, e trala aprobación inicial, recabouse, de conformidade co artigo 78.2 do Regulamento de planeamento urbanístico, informe da Dirección xeral de Patrimonio cultural da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, emitíndose favorablemente o 14 de novembro de 2002.

Terceiro.- O 28 de febreiro de 2003 previamente á aprobación definitiva, emitíuse o informe preceptivo do Sr. director xeral de urbanismo, segundo dispón o artigo 42.5 da

Lei do solo de Galicia do 24 de marzo de 1997, o que, nun senso favorable, considera subsanadas as observacións sinaladas no informe anterior previo á aprobación inicial.

Fundamentos xurídicos: Na modificación, segundo dispón o artigo 50.1 da Lei do solo de Galicia, seguíronse as mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación, observándose as prescricións contidas nos artigos 41 e 42 da Lei do solo de Galicia, de aplicación de conformidade coa Disposición transitoria terceira da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, en canto poden tramitarse durante o prazo máximo de seis meses os planes inicialmente aprobados.

Conforme ós artigos 45 da Lei do solo galega e 3 letra "b" e 8 letra "m" dos estatutos polos que se rexe a Xerencia de urbanismo, é competente para a aprobación definitiva desta modificación puntual o Concello-Pleno a proposta do Consello da Xerencia de urbanismo, esixindo esta aprobación definitiva, de conformidade co artigo 47.3 letra "i" da Lei reguladora das bases de réxime local, na súa redacción por Lei 11/99, o voto favorable da maioría absoluta de membros da Corporación ó se tratar dunha modificación de planeamento xeral, e xa que logo informe do secretario da Corporación, artigo 54.1.b do R.D.L 781/86, de 18 de abril.

..."

A seguir a asinante formula a proposta que se transcribe máis abaixo.

Intervención:

O secretario indica que hai un erro material no informe da técnica de admón. xeral, toda vez que nin é preciso un quorum reforzado para a aprobación deste expediente polo Pleno, nin, consecuentemente se precisa informe do secretario xeral, porque non se trata dunha modificación de planeamento, senón dun plan especial.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión de 10.04.03, propón o Pleno da Corporación a aprobación da devandita proposta:

No momento da votación están ausentes os Srs. Lareo Jiménez e Vazquez Caride

VOTACIÓN E ACORDO.- Con vintedous votos a favor dos Srs. Abeleiras Rodríguez, de Acosta Beiras, Álvarez García, Cabaleiro González, Couto Pérz, Domínguez Olveira, Fernández Álvarez, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Gandón Menduiá, González Outón, González Pérz, González Príncipe, Iglesias Bueno, Martínez-Corbalán Puche, Novoa Álvarez, Otero Oitaven, Sío Lourido, Toba Girón, Toscano Novella, Vieitez Alonso e a Presidencia, e o voto en contra do Sr. Soto Ferreiro, acórdase:

Primeiro.- Aprobar definitivamente o expediente de modificación puntual do Plan especial e catálogo complementario de edificios, conxuntos e elementos a conservar de Vigo, no cuarteirón 45, polo que se alteran as características do paso ó aproveitamento



Concello de Vigo

público interior e se establecen novas aliñacións, conforme á memoria e documentación elaborada polo arquitecto D. Jose Antonio Comesaña García visada polo colexio profesional o 5 de xaneiro de 2001 e 22 de xuño de 2001,

Segundo.- Proceder á publicación da modificación puntual aprobada no DOG e BOP nos termos do artigo 48.2 da Lei do solo de Galicia e á remisión dunha copia autenticada do expediente administrativo completo e de dous exemplares do instrumento aprobado á Consellería de Política territorial, obras públicas e vivenda da Xunta de Galicia conforme ó disposto no apartado 3 do citado artigo.

E para que así conste e ós efectos oportunos, expide esta certificación de orde e co visto e praxe do Ilmo. Sr. Alcalde, coa salvedade do artigo 206 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en Vigo a catro vintenove de abril do ano dous mil tres.

